



## CONVOCATORIA DO CURSO 2022-2023 NAS ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA E ARTES ESCÉCNICAS

### 1. Obxecto

Este documento ten por obxecto establecer as bases para a convocatoria de curso e o procedemento de solicitude de prazas e matrícula nas **escolas municipais de música e artes escénicas (EMMV, E-TRAD, EMD e EMT)**, dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo para o curso 2022/2023, e establecer o calendario do procedemento.

Conforman actualmente as escolas municipais de música e artes escénicas (EMMA) as seguintes escolas municipais: Escola municipal de música de Vigo (EMMV), Escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD), Escola municipal de danza (EMD) e Escola municipal de teatro (EMT).

No Anexo desta Convocatoria esquematízase a oferta de itinerarios e especialidades das escolas EMMA para o curso 2022-2023.

### 2. Requisitos para ser adxudicatario de praza

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatarios de prazas nas escolas municipais de música e artes escénicas do Concello de Vigo (EMMA):

1. Que a persoa solicitante estea empadronada en Vigo.
2. Estar ao día no pagamento das taxas que, no seu caso, sexan de aplicación.

### 3. Criterios de prioridade para a adxudicación de prazas

As prazas adxudicaránse por esta orde:

#### A) Reserva de praza

Reservarase praza dun ano para outro a aquel alumnado matriculado nas escolas e interesado en continuar, con avaliación satisfactoria, polo que poderá facer unha reserva de praza previa antes do proceso efectivo de matrícula. Teñen preferencia á renovación automática da praza as persoas matriculadas no curso 2021/2022, sempre que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria.

O alumnado dos Itinerarios (agás ForAgrup) non poderán repetir curso, agás por causas xustificadas de forza maior que impidan o normal desenvolvemento da actividade e sempre en base a informe argumentado da dirección da escola. Para o cambio de nivel (iniciación, medio, avanzado) en cada Itinerario, haberá que superar o nivel mínimo que estableza cada escola.

As escolas informarán á Concellería de Educación da porcentaxe de prazas de Itinerario básico que se reservan para o alumnado que remata o Itinerario Música e movemento/Dramatización (de 4 a 7 anos), porcentaxe que nunca poderá ser superior ao 50% do total das prazas ofertadas.

#### B) Novo ingreso

Pódese solicitar praza en calquera das escolas EMMA de Vigo. As prazas que oferte cada escola distínguense en dous tipos:

- a) Novas prazas no **primeiro curso de iniciación** de todas as especialidades e para todos



os cursos de Música e movemento/Dramatización (de 4 a 7 anos).

Se as solicitudes de praza para o acceso ao curso son superiores ás prazas ofertadas, a admisión resolverase por **sorteo público**.

b) Novas prazas en cursos ou Itinerarios distintos.

Para os **Itinerario Medio e Avanzado** faranse **probos de acceso** (confeccionadas a proposta da dirección das escolas en base ao nivel requerido para o curso ou itinerario que se solicite) que ordenarán por puntuación ás persoas candidatas, ata completar as prazas dispoñibles.

c) Prazo extraordinario

Unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as prazas convocadas, o período de solicitude permanecerá aberto, de xeito *extraordinario* e con carácter xeral, durante os meses de outubro e novembro de 2022, no caso de existiren prazas dispoñibles.

#### 4. Horario e calendario das escolas EMMA

O período de apertura das Escolas será de once meses ao ano (de setembro a xullo, ámbolos dous, inclusive).

O curso lectivo escolar acomodarse ao calendario escolar que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o resto das ensinanzas da súa competencia, coa conformidade expresa do Servizo municipal de Educación. Con carácter xeral, as escolas EMMA iniciarán o curso no mes de outubro e rematará no mes de xuño. No mes de setembro realízase o proceso de solicitude e matriculación e durante o mes de xullo poderanse desenvolver actividades que complementen a oferta educativa dos centros.

Cada escola establecerá anualmente os horarios das clases e actividades, fundamentalmente de tarde, dentro do seguinte horario-marco:

Mañás: de 11,00 h a 13,00 h

Tardes: de 16,00 h a 22,00 h

O curso escolar 2022-2023 comezará o día **3 de outubro de 2022**.

#### 5. Prezos e solicitudes de exención

Os prezos que deberán pagar as persoas usuarias son os establecidos na Ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos das escolas municipais de música e artes escénicas (Ordenanza nº 40, ano 2022), coas exencións e bonificacións nela contidas. Os prezos inclúen Matrícula e nove mensualidades (outubro-xuño) do curso.

A inasistencia da persoa usuaria á escola municipal durante un período determinado, non supón redución ningunha nin exención do pagamento do prezo establecido agás as seguintes excepcións:

a) Cando a persoa, por motivos de saúde ou por razóns debidamente xustificadas, deixe de asistir á escola temporalmente, estarán exentos de aboar a cota mensual desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia e durará ata o primeiro día do mes natural en que teña lugar a reincorporación ao centro. Para estes casos, o dereito á exención do pagamento prodúcese só cando a inasistencia sexa de 15 días ou máis e sexa acreditada documentalmente a circunstancia que a motiva, e que deberá presentar á dirección da escola.



- b) Nos supostos das solicitudes formuladas no Prazo extraordinario (outubro e novembro), o aboamento do prezo será dende o mes no que se lle concede a praza. Se a incorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.
- c) As persoas que teñan previsto darse de baixa dunha escola, por calquera motivo, deberán comunicalo á dirección do centro antes do día 25 do mes que corresponda, para proceder á non emisión do recibo do mes seguinte.

As **solicitudes de exención** no pago das taxas, segundo o establecido na citada Ordenanza nº 40 das ordenanzas fiscais do Concello de Vigo para o ano 2022, deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo nos seguintes periodos:

- Alumnado do curso anterior: **do 22 de xuño ao 8 de xullo de 2022**
- Alumnado novo: **do 23 ao 30 de setembro de 2022**

Na páxina [emmavigo.org](http://emmavigo.org) e en cada unha das escolas está a disposición o Impreso para solicitude de exención, xunto coa información sobre a documentación que se precisa. A presentación desta solicitude pódese facer presencialmente no Rexistro Xeral, ou ben on line a través da Sede Electrónica do Concello de Vigo.

## 6. Solicitudes e prazo de presentación

### a) SOLICITUDES

#### 1.- Renovación de praza

O alumnado que xa estivese matriculado nas escolas o curso anterior, manterá o seu dereito á praza no itinerario que curse, para o curso 2022-2023.

As renovacións concretaranse en cada escola, segundo as instrucións propias que determinen.

#### 2.- Solicitudes de novo ingreso

Preinscripción on line: as persoas interesadas deberán cubrir o formulario de preinscripción, dispoñible na páxina web [www.emmavigo.org](http://www.emmavigo.org).

Unha vez cuberto, seguindo as instrucións que se indican, éntrase a formar parte da base de datos que xenerará o primeiro listado de solicitantes.

Preinscripción presencial – Escolas. As persoas que podan ter problemas de acceso a internet, poderán formalizar a preinscripción nas propias escolas nas que queiran solicitar praza, nos horarios establecidos e mediante solicitude de cita previa.

### b) PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes establécese do seguinte xeito:

- **Alumnado curso anterior**: durante o mes de **xuño**, en cada escola.
- **Alumnado novo ingreso**:  
  - Preinscripción on line ([www.emmavigo.org](http://www.emmavigo.org)): do **22 de xuño** ao **7 de setembro**.
  - Preinscripción presencial (nas oficinas de cada escola): do **22 de xuño** ao **31 de xullo**, e do **1 ao 7 de setembro**.

Prazo extraordinario: unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as prazas convocadas, no caso de existiren prazas dispoñibles, o período de solicitude permanecerá aberto, de xeito *extraordinario* e con carácter xeral, a partir do mes de **outubro de 2022** e ata o **30 de novembro de 2022**.



## 7. Procedemento de admisión

Para o alumnado do curso anterior:

1. Unha vez confirmada a reserva de praza durante o mes de xuño, procederase en cada escola á **matriculación** das persoas que continúen os seus estudos, seguindo os pasos que se indican na **web emmavigo.org**, ben presentando xustificante do pagamento das taxas correspondentes ou ben presentando xustificante de ter solicitado exención de taxas, no prazo do **22 de xuño ao 8 de xullo** de 2022.
2. Unha vez rematado o período de matrícula do alumnado do curso anterior, cada escola comunicará á Concellería de Educación o número e características das prazas que se propón ofertar para cada especialidade, tendo en conta as súas posibilidades reais e o estipulado no correspondente contrato de xestión, para o seu visto e prace polo concelleiro delegado da área de Educación. Esta variable poderá verse afectada por limitacións e condicionantes que podan ter vixencia na data de comezo do curso, dependendo da situación sociosanitaria e as disposicións legais que a regulen.

Para o novo alumnado:

- 1) Unha vez rematado o prazo de preinscripción (7 de setembro), coas solicitudes realizadas correctamente conformarase un primeiro **listado coas persoas solicitantes por escola**, que se publicará o **13 de setembro** na web emmavigo.org e en cada escola. Durante un prazo de tres días poderanse presentar reclamacións para corrixir posibles erros nas listaxes.
- 2) Se o número de solicitudes é superior ao número de prazas ofertadas para un curso inicial de itinerario, cada escola efectuará un sorteo público que ordenará as solicitudes xerando un listado de persoas admitidas e persoas en lista de agarda. Se o número de solicitudes é superior ao número de prazas ofertadas para un curso distinto do inicial, cada escola convocará probas específicas de nivel. Os **sorteos** realizaranse, no seu caso, o **16 de setembro** e as probas, no seu caso, do **16 ao 21 de setembro**.
- 3) O Concello de Vigo publicará as **listas de admitidos** o **22 de setembro** (en cada escola e na web emmavigo.org), como resultado de todo o proceso descrito.

## 8. Matrícula

Alumnado do curso anterior: como xa se indicou no punto anterior, para a confirmación da matrícula deberase presentar na escola correspondente o xustificante do pago da matrícula ou ben, a efectos de que os correspondentes recibos non se emitan ata que se resolva convenientemente a solicitude, xustificante da presentación da solicitude de exención de taxas (en modelo normalizado) no Rexistro Xeral. Para a obtención desta documentación haberá que seguir os pasos que se indican na **web emmavigo.org**, no prazo do **22 de xuño ao 8 de xullo** de 2022.

Alumnado novo: as persoas que figuren nos listados de admitidos deberán realizar a **matrícula** (seguindo os pasos indicados na web **emmavigo.org**), presentando na escola correspondente o xustificante do pagamento das taxas (ou ben presentando xustificante de ter solicitado exención de taxas a efectos de que os correspondentes recibos non se emitan ata que se resolva convenientemente a solicitude), así como aquela outra información que cada escola requira para a súa mellor xestión, no prazo do **23 ao 30 de setembro** de 2022. No suposto das persoas admitidas dentro do prazo extraordinario, o pagamento de matrícula, de ser o caso, xiraráselles xunto á primeira mensualidade que lle corresponda.



## 9. Resumo de datas

No seguinte cadro-resumo sintetízase a información básica das datas do procedemento de solicitude de praza e matrícula nas escolas municipais de música e artes escénicas.

Procedemento	Alumnado do curso anterior	Alumnado novo
Reserva de praza	Mes de xuño	
Solicitude de praza		Do 22 de xuño ao 7 de setembro
Publicación listado solicitantes		13 de setembro
Sorteos, no seu caso		16 de setembro
Probas, no seu caso		Do 16 ao 21 de setembro
Publicación listado admitidos		22 de setembro
Solicitude de exención de taxas	Do 22 de xuño ao 8 de xullo	Do 23 ao 30 de setembro
Matrícula	Do 22 de xuño ao 8 de xullo	Do 23 ao 30 de setembro
Comezo do curso	3 de outubro	3 de outubro

## 10. Publicidade

Esta convocatoria difundirase a través do portal [www.emmavigo.org](http://www.emmavigo.org), no ámbito das propias escolas e naqueles outros lugares de interese mediante a súa difusión e a publicación dun anuncio na páxina de información municipal na prensa escrita.

Os listados de solicitantes por escolas, así coma os listados de admitidos por escolas, publicaranse na páxina web [www.emmavigo.org](http://www.emmavigo.org) nas respectivas escolas municipais.

## 11. Baixas

1. Causarase baixa nas escolas municipais de música e artes escénicas por algunha das circunstancias seguintes:
  - a) Pola solicitude do propio alumno/a ou das/os nais/pais ou representantes legais, no caso de menores de idade.
  - b) Polo non pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda, sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentariamente establecido.
  - c) Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
  - d) Pola incompatibilidade ou inadaptación manifesta para permanecer no centro.
  - e) Pola falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.
  - f) Polo incumprimento reiterado da normativa de funcionamento da escola.
2. Cando se produza unha falta de asistencia prolongada, deberá presentarse, con periodicidade mensual, a documentación acreditativa da causa que a produce. O incumprimento desta obriga será causa de baixa.
3. As baixas motivadas polo establecido nas liñas b), d), e) e f), resolveraaas o concelleiro delegado da Área de Educación tralo informe da dirección do centro onde estea o/a alumno/a matriculado/a e o informe técnico do Servizo de Educación municipal.
4. As baixas producidas ata o mes de novembro (inclusive), por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubriranse ordenadamente coas persoas solicitantes que figuren,



no seu caso, na correspondente lista de agarda.

## 12. Protección de datos

Os datos persoais recollidos no formulario normalizado de solicitude de praza, indispensables para a xestión desta convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos da xestión deste procedemento en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable destes datos. A lexitimación do tratamento dos datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas na solicitude de praza nas escolas municipais de música e artes escénicas.

Os datos serán obxecto de cesión ás empresas adxudicatarias da xestión de cada escola, que asumen expresamente as responsabilidades como encargadas do tratamento. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

## 13. Regulamento xeral

Esta Convocatoria será de aplicación ao curso 2022-2023. No non recollido na mesma estarase ao disposto na lexislación xeral en materia de educación, nas instrucións e normativa de funcionamento de cada escola municipal e naquelas outras disposicións que poda, se é o caso, aprobar o Concello de Vigo. O concelleiro delegado da Área de Educación, en virtude das súas competencias, poderá dictar as resolucións e instrucións oportunas para o correcto desenvolvemento desta Convocatoria.

## 14. Situación de excepcionalidade

Covid-19. Diferentes disposicións legais en relación á situación sociosanitaria da pandemia, que podan ter vixencia a 3 de outubro de 2022 (data prevista de inicio do curso), poderían modificar as características desta convocatoria (datas, número de prazas ofertadas, admisión de novo alumnado, modalidades presencial e online, ...).



**ANEXO**  
RESUMO OFERTA DE ESPECIALIDADES E ITINERARIOS. CURSO 2022-2023  
ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS

Escola municipal	EMMV	E-TRAD	EMD	EMT
<b>Itinerario/especialidade</b>				
<b>Música e movemento (de 4 a 7 anos)</b>	X	X	X	
<b>Dramatización (de 4 a 7 anos)</b>				X
<b>Itinerarios básico, medio e avanzado:</b>	X	X	X	X
<b>Violín</b>	X			
<b>Viola</b>	X			
<b>Violonchelo</b>	X			
<b>Contrabaixo</b>	X			
<b>Guitarra</b>	X			
<b>Piano</b>	X			
<b>Clarinete</b>	X			
<b>Saxofón</b>	X			
<b>Frauta</b>	X			
<b>Trompeta</b>	X			
<b>Trompa</b>	X			
<b>Trombón</b>	X			
<b>Tuba</b>	X			
<b>Canto</b>	X			
<b>Percusión</b>	X			
<b>Guitarra eléctrica</b>	X			
<b>Baixo eléctrico</b>	X			
<b>Teclados</b>	X			
<b>Canto popular</b>		X	X	
<b>Violín folk</b>		X		
<b>Gaita</b>		X		
<b>Percusión tradicional</b>		X	X	
<b>Zanfona</b>		X		
<b>Requinta</b>		X		
<b>Arpa céltica</b>		X		
<b>Corde pulsada</b>		X		
<b>Acordeón diatónico</b>		X		
<b>Danza tradicional galega</b>			X	
<b>Danza moderna</b>			X	
<b>Danza e percusión tradicional para a terceira idade</b>			X	
<b>Interpretación</b>				X
<b>Actividades grupais</b>	X	X	X	X
<b>Itinerario ForAgrup</b>	X	X	X	X